WIKIPEDIA

Lingua arromanesa

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **arromanés**,[1] tamén coñecido como **macedorromanés**[1] (*limba armãneascã, armãneashti ou armãneshce*) é un idioma do conxunto das linguas romances orientais falado no Sueste de Europa por 300 mil persoas do pobo arromanés.

Comparte semellanzas co romanés, mais a diferenza deste que tivo influencias das linguas eslavas, o arumanés tivo influencia do grego. Algúns filólogos non o consideran un idioma separado, senón só un dialecto arcaico do romanés. Unha das súas características fonéticas peculiares é a perda do *f*- inicial latino (do mesmo xeito que en castelán): *ferrum* → *her* ("ferro"), aínda que este mesmo trazo compárteo tamén co meglenorromanés.

Este idioma actualmente é falado en comunidades espalladas entre os seguintes estados: Estados Unidos, Francia, Australia, Alemaña, Grecia, Bulgaria, Romanía, Macedonia do Norte, Albania e Serbia; tal dispersión explícase porque durante séculos a maior parte dos *arromaneses* (chamados outrora polos eslavos "kutzovalacos" e, dadas as semellanzas no seu modo de vida cos rom ou xitanos, "tsintaros") viuse forzada a un modo de vida transhumante en carromatos, seguindo circuítos dentro do sur da Península dos Balcáns.

Arromanés ***armãneashce***	
Outros nomes:	armãneashti, limba armãneascã
Falado en:	Grecia Albania Romanía Macedonia do Norte Serbia Bulgaria
Total de falantes:	300.000
Familia:	Indoeuropea Itálica Románica Románica oriental Balco-románica **Arromanés**
Escrita:	alfabeto latino (variante arromanesa)
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Recoñecida como lingua minoritaria en Macedonia do Norte
Regulado por:	*Non ten regulación oficial*
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`--`
ISO 639-2:	`rup`
ISO 639-3:	`rup (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=rup)`

Exemplo da lingua


Tatã a nostru
cai eshci pi tser,
s-ayisascã numa a Ta,
s-yinã Amirãrilja a Ta,
s-facã vreare-a Ta,
cum pi tserlu,
ashi sh-pisti loc.
Pãne-a nostrã atsea di cathi dzuã dã-nã-u sh-azã
shi ljartã-nã amãrtiile-a noastre
ashi cum lji-ljirtãm sh-a amãrtoshlor a noshci.
Shi nu nã-du la pirazmo,
ala aveaglji-nã di atsel arãulu.
Cã a Ta easte Amirãrilja shi puteare
a Tatãlui shi Hiljlui shi a Ayului Spirit,
torã, totãna shi tu eta-a etilor.

Amen.

(o Noso Pai - fonte)

Tuti iatsãli umineshtsã s-fac liberi shi egali la nãmuzea shi-ndrepturli. Eali suntu hãrziti cu fichiri shi sinidisi shi lipseashti un cu alantu sh-si poartã tu duhlu-a frãtsãljiljei.


(Artigo 1 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos)



Notas

1. "Arromanés". *TERGAL*. Consultado o 23 de outubro de 2019.

Este artigo sobre lingüística é, polo de agora, só un bosquexo. Traballa nel (https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_arromanesa&action=edit) para axudar a contribuír a que a Galipedia mellore e medre.
Existen igualmente outros artigos relacionados con este tema nos que tamén podes contribuír.



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua arromanesa***

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_arromanesa&oldid=5514905"

A última edición desta páxina foi o 6 de xullo de 2020 ás 06:43.